

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

Os brancos segredos do seu ventre

Colección
Carlos Rosón
de Arte
Contemporánea

18 mar—
5 set 2021
Museo Centro
Gaiás, 3º andar

cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA

OS BRANCOS SEGREDOS DO SEU VENTRE

**Colección Carlos
Rosón de Arte
Contemporánea**

Museo Centro Gaiás | Andar 3
18 de marzo—5 de setembro 2021
cidadedacultura.gal



↑
David Zink Yi.
Fundación Rac

**DO BRANCO
AO NEGRO A
TRAVES DE
REFERENTES
DA ARTE
CONTEMPO-
RÁNEA**

***Os brancos segredos do seu ventre* amosa unha escolma de 53 de obras procedentes da Fundación Rac realizada por Bea Espejo, comisaria deste novo proxecto do Museo Centro Gaiás. A Fundación Rac, situada en Pontevedra, fundada polo coleccionista galego Carlos Rosón, atesoura máis de trescentas obras de 170 artistas, entre os que se atopan algúns dos nomes máis relevantes da creación actual, tanto nacional como internacional.**


Declarada ben de interese cultural (BIC) pola Xunta de Galicia, esta colección é unha das máis relevantes de España no eido da arte contemporánea. O traballo da Fundación Rac na conservación e promoción da creación artística fíxoa merecedora de galardóns tan relevantes como o Premio Arte e Mecenado da Obra social "la Caixa" no ano 2018, distinción de referencia coa que se premia o compromiso privado co sistema artístico.

Bea Espejo opta para este proxecto por unha reflexión sobre a cor, un dos temas nos que pon o foco a colección, cunha selección cromática que arranca co branco e acaba co negro, á vez que se inspira no propio arquitecto da Cidade da Cultura, Peter Eisenman, quen a través das páxinas da obra mestra de H. Melville, Moby Dick, imaxinou para o Gaiás un museo con “esqueleto de cetáceo” e por cuxo ventre branco esta exposición provoca que a arte despregue o seu universo de cores.

En concreto, a comisaria extrae o título dunha das pasaxes do capítulo 42: *Os brancos segredos do seu ventre*. Trátase dunha metáfora visual que encaixa perfectamente coa idea de viaxe e coñecemento encerrado que ten de seu a obra de arte. Tamén revela os segredos que pode albergar un museo no seu interior.



↑
Sara Coleman.
Fundación Rac



↑
Ignasi Aballi.
Fundación Rac

Deste xeito, na mostra exhibense obras de recoñecidos artistas internacionais da arte contemporánea, como son Tracey Moffatt, Julião Sarmiento, John Baldessari, Joseph Beuys, Tacita Dean, Roman Signer, Sofía Táboas ou Ernesto Neto.

Nesta escolma non faltan artistas españois con repercusión internacional, como Ignasi Aballí —autor do proxecto que representará a España na vindeira Bienal de Venecia— Carmen Calvo, Eulalia Valldosera ou Pepe Espaliú.

En canto a presenza de galegos, é importante na colección de Carlos Rosón a incorporación de obras de Diego Santomé, presente no Museo Centro Gaiás xunto a pezas de Rosendo Cid, Marcos Covelo, Sara Coleman e da recoñecida Ángela de la Cruz, Premio Nacional de Artes Plásticas e candidata aos Turner, os premios de arte máis coñecidos e prestixiosos do Reino Unido que outorga anualmente a Tate de Londres.

GUÍA CROMÁTICA EN DEZ OBRAS

A comisaria da exposición, Bea Espejo, seleccionou estas obras para guiar o percorrido polas diferentes seccións cromáticas da mostra

Benjamín Torres

(México DF, 1969)
Contenido neto, 2008

Nesta obra Benjamín Torres amósanse esculturas de xeso realizadas a partir de moldes de utensilios domésticos producidos en masa, como envases de leite, latas de sopa e sacos de azucre. Dispostas en andeis metálicos, están clasificadas por formas e tamaños, para crear unha contorna de consumo masivo. Unha instalación onde o espectador pode recoñecer claramente todos eses obxectos que dun xeito ou outro temos sempre preto e reflexionar sobre o omnipresente mundo de márketing corporativo que nos rodea.



Cynthia Gutiérrez

(Guadalajara, México 1978)
Gloria olvidada, 2012

O traballo de Cynthia Gutiérrez denota unha procura constante por analizar a memoria en distintos niveis, xerando tensións ou fisuras nos esquemas establecidos. As súas reflexións parten de situacións de conflito; de terreos inestables, indefinidos, cuxa vulnerabilidade permite o desprazamento en múltiples direccións. A partir de fragmentos, reconfigura imaxes e desestabilizan estruturas, como estas dúas bandeiras distinguidas, unha fronte á outra, convertidas en símbolos de novas nacións fantasmagóricas, de lugares anónimos de todos e de ninguén. Tal vez o mundo agora mesmo?



José Guerrero

(Granada,1914–Barcelona,1991)
Burning Earth, 1958

A historia é coñecida: José Guerrero, un novo alumno da Escola de Artes e Oficios de Granada, preguntou a García Lorca onde seguir a súa formación e a resposta foi inmediata: fóra de España. Primeiro foi a París, onde coñeceu a súa muller, Roxane Whittier Pollock, e todo o referente ás vangardas artísticas, pero a súa carreira deu un xiro en canto pisou Nova York, en 1949. A abstracción pictórica e o traballo dos muralistas mexicanos levárono ao seu momento de madurez na pintura. *Burning Earth* marca xusto esa etapa na que a Guerrero o consideran xa un membro da Escola de Nova York.




↑
©José Guerrero,
VEGAP, Santiago de
Compostela, 2021

Ángela de la Cruz

(A Coruña, 1965)
Dislocated Painting, 2001

A de Ángela de la Cruz é unha proposta radical, emocional e anticanónica. As súas obras son estruturas onde o bastidor sempre rompe e onde a pintura sempre queda deformada. A pesar da sensación de desastre ou racho, hai unha calma terrible que indica que algo aínda latente pasou, algo de beleza nesa idea de ruína. Unha pintura que perde a súa capacidade de representación bidimensional para converterse en obxecto tridimensional. Unha pintura que se volve escultura.





John Baldessari

(California, 1931–2020)

Throwing Three Balls in the Air to Get a Straight Line, 1973

Poucas obras hai tan especiais como esta de John Baldessari. Parte do xogo: o artista tirando tres pelotas ao aire coa esperanza que unha instantánea as recollese no aire e as aliñase. Grazas á maxia da fotografía, as pelotas nunca caeron ao chan. Unha obra onde o artista ri desa idea de xenialidade tantas veces asociadas á arte, e ao mito do artista traballando concentrado no seu estudio, e onde eleva a arte á súa máxima capacidade social: á lúdica.



Diego Santomé

(Vigo, 1966)

Derecho a la pereza, 2010

O que Louis Blanc defendía no *Dereito ao traballo* (1848) refutouno Paul Lafargue en 1880 no *Dereito á preguiza*, título que lle serve ao artista Diego Santomé para darlle outro tento máis á idea de produtividade artística: pódese perder o tempo e non ser iso unha perda de tempo. Ou se pode non facer nada e estar a facer algo, aínda que sexa esa nada. O artista, como en moitos dos seus

traballos, cuestiona e ironiza sobre as supostas tarefas do artista e o sistema económico nado do capitalismo, así como os conceptos de utopía e fracaso, equilibrio e inestabilidade, atados ao que debe facer ou non o artista. Cuestións vencelladas ás circunstancias cotiás que mostran, como vemos en circunstancias como as actuais, a posibilidade e imposibilidade dunha nova orde no que a sociedade alcance un equilibrio.

Roman Signer

(Appenzell, Suíza, 1938)

Haus, 2004-2005


Hai unha explosión escondida en cada un dos traballos de Roman Signer. Tamén, unha mestura de absurdo, melancolía e inocencia sarcástica. Velaquí unha exaltación do efémero como unha forma de tempo intrigante, a que leva a este artista para traballar trastornando leis e comportamentos, dinamitando todas esas ideas establecidas asociadas ao que damos por feito, neste caso, a idea de casa como refuxio, que colleu outra dimensión mental tras este ano de pandemia.



Jacobo Castellano

(Jaen, 1976)
Sen título, 2015

O fogar materno, os escenarios onde transcorreu a súa infancia, os obxectos inservibles e desconxuntados pero á vez, cheos de vida, conforman o magma do traballo de Jacobo Castellano. Con eles xoga, manipúlaos e ensámblaos ata que considera que a obra creada expresa a idea que, previamente, ten en mente. Nesta escultura faille unha chiscadela a *El Pelele*, un dos cartóns para tapices de Goya.



Thomas Hirschhorn

(Bern, Suíza, 1957)
Swiss Made, 1999

Empregando materiais como madeira, cartón, papel de aluminio, cinta de embalar e abundantes fotocopias, Thomas Hirschhorn realiza instalacións que expoñen unha crítica mordaz á idea de industria e produción, como nesta obra, *Swiss Made*, onde cuestiona o valor simbólico das iconas. Como noutras das súas instalacións, tamén aquí imita a saturación mediática da vida contemporánea e pon de manifesto a insensibilización que experimentan os consumidores como consecuencia diso.



David Zink Yi

(Lima, 1973)


Sculpture, Untitled, 2013

Esta instalación toma o seu nome dunha misteriosa especie mariña que habita nas profundidades do océano desde fai millóns de anos. Dise que esta especie de lura xigante inspirou unha gran cantidade de mitos e lendas e ata fai non moito só era posible saber da súa existencia de modos fortuítos ao descubrir os seus carcadas inertes varadas polo mar. A David Zink Yi interésanlle os rituais, pero tamén os relatos, sons e todos aqueles elementos que definen a nosa identidade cultural. No contexto da exposición, pon en diálogo o espazo de Gaiás coa historia de Moby Dick que dá título á mostra.



Ubicación das obras destacadas


Museo Centro Gaiás, andar 3



John Baldessari
Throwing Three Balls in the Air to Get a Straight Line, 1973




Thomas Hirschhorn
Swiss Made, 1999



Jacobo Castellano
Sin título, 2015



David Zink Yi
Sculpture, Untitled, 2013



Roman Signer
Haus, 2004-2005



Diego Santomé
Derecho a la pereza, 2010



Ángela de la Cruz
Dislocated Painting, 2001



José Guerrero
Burning Earth, 1958



Benjamín Torres
Contenido neto, 2008



Cynthia Gutierrez
Gloria olvidada, 2012

Os brancos segredos do seu ventre

**Exposición Museo Centro
Gaiás, andar 3º**


**18 de marzo de 2021 —
5 de setembro de 2021**

Entrada de balde

Exposición aberta ao público
de martes a domingo, de
10 a 20 horas, e con visitas
comentadas de balde, previa
inscrición

Consulta quendas
dispoñibles e información
en cidadedacultura.gal ou
no punto de información do
Museo Centro Gaiás

**Máis información en
cidadedacultura.gal**



**Xacobeo 2021
Galicia**



**XUNTA
DE GALICIA**